




PS de G
PSOE

CONVOCATORIA DE PRIMARIAS ELECCIÓN DE CANDIDATO/A do PSdeG-PSOE Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

Comité Federal, 30 de abril de 2016



1. Convocatoria do proceso

A convocatoria e o calendario deste proceso de primarias para a elección do/a candidato/a do PSdeG-PSOE á Presidencia da Xunta de Galicia foron aprobados polo Comité Federal, en reunión celebrada o 30 de abril de 2016, de acordo co previsto nos artigos 11.1 e 13 do Regulamento Federal de Primarias.

2. Ámbito da elección

Este procedemento de eleccións primarias entre militantes resulta de aplicación para a selección do candidato/a do Partido dos Socialistas de Galicia–PSOE á Presidencia da Xunta de Galicia, en consonancia co que se recolle nos artigos 3.2 e 9 do Regulamento Federal de Primarias.

3. Censo

O censo de militantes do PSdeG-PSOE a utilizar para este proceso de primarias será o pechado o 30 de xaneiro de 2016.

A Comisión Xestora entregará unha copia do censo remitido polo Departamento Federal de Atención ó Militante (DFAC) á presidencia da Comisión Nacional de Garantías Electorais. O censo poderá ser consultado nas Agrupacións Municipais correspondentes, segundo establece o artigo 63.3 da Normativa Reguladora da Estrutura e Funcionamento Xeral do Partido, *“ós efectos de comprobar a inclusión no mesmo do interesado, así como para verificar os seus datos, para comprobar a correcta conformación do mesmo, para verificar se algún/ha candidato/a a algún cargo está no censo, para coñecer o número oficial de militantes. En ningún caso, a consulta do censo poderá supoñer a obtención de datos de carácter persoal dos afiliados”*.

O censo electoral estará formado polos/as militantes e afiliados/as directos do PSdeG-PSOE, así como de XSG, en pleno uso dos seus dereitos orgánicos, no momento do peche do mesmo.

O censo electoral definitivo incorporará a militancia das XSG, que non forme parte do censo do Partido, aplicando a mesma data de peche establecida para o censo do PSdeG-PSOE.

Unha copia do censo electoral deberá ser entregada á Presidencia das Mesas Electorais o día 28 de maio 2016, sendo o único considerado válido para acreditar o exercicio do dereito ao voto de todos os electores/as que figuren inscritos no mesmo.

4. Presentación de precandidaturas

De acordo co previsto no artigo 66 do Regulamento Federal de Primarias, poderán propoñer candidato ou candidata:

- a) O Comité Nacional, por maioría dos seus membros.
- b) Un 10 % da militancia do PSdG-PSOE.

Tanto a militancia, como o Comité Nacional do PSdeG-PSOE poderán avalar, exclusivamente, unha proposta de candidato ou candidata.

As persoas que desexen concorrer ó proceso de primarias deberán comunicarllo, a partir do 30 de abril de 2016, á Comisión Nacional de Garantías Electorais, con sede no local da Comisión Executiva Nacional do PSdeG-PSOE, podendo facelo ata a finalización do prazo establecido para a recollida de avais. Esta comunicación poderán realizala a través do correo electrónico: **primarias@socialistasdegalicia.com**

Unha vez comprobado que ostentan a condición de elixibles, facilitaráselles o formulario de concorrencia e designación de representantes da súa candidatura, que deberán cumprimentar obrigatoriamente.

Unha vez comprobada a documentación, O comité organizador nacional poñerá a disposición das precandidaturas os medios e recursos previstos no artigo 27.1 do Regulamento Federal de Primarias:

- a) Os datos estatísticos do censo, para saber a militancia que hai e o número de avais necesarios para poder presentarse ás eleccións primarias. Estes datos serán definitivos unha vez corrixidas as deficiencias e reclamacións censuais.
- b) Os datos de contacto das agrupacións municipais.
- c) Os formularios oficiais, tanto individuais como colectivos, para a recollida de avais.

O período para a presentación de precandidaturas será o comprendido **entre o 30 de abril e as 13 horas do 13 de maio de 2016**.

Antes de comezar o procedemento de verificación de avais, as persoas precandidatas deberán aportar a adhesión ó Código Ético e a declaración de bens, requisito ineludible para que os seus avais se verifiquen.

5. Recollida, presentación e verificación de avais

Poderá outorgar o seu aval calquera persoa que figure no censo oficial do Partido, válido para o proceso de primarias.

O período para a recollida e presentación de avais iníciase o 3 de maio de 2016, finalizando ás 13 horas do 13 de maio de 2016.

O Comité Organizador Nacional poñerá a disposición das precandidaturas os modelos oficiais para a recollida de avais, un individual e outro colectivo. Estes impresos serán nominativos para cada persoa que desexe concorrer ó proceso de primarias como precandidata.

Só serán válidos os avais outorgados ou recollidos nos modelos oficiais aprobados pola Comisión Nacional de Garantías Electorais. En ningún caso será válido calquera aval presentado nunha folla na que o nome da precandidatura fose incorporada manuscritamente.

Ademais da súa entrega ás precandidaturas, os modelos de avais estarán dispoñibles na sede da CENG, nas Agrupacións Municipais e Provinciais, así como na páxina web do PSdeG-PSOE.

Durante o período de recollida de avais e presentación de precandidaturas, os representantes das mesmas, as Agrupacións Provinciais e municipais e a militancia poderán facer chegar os avais ó

Comité Organizador Nacional ou á Comisión Nacional de Garantías Electorais, á rúa do Pino, 1-9 baixos, 15704, Santiago de Compostela.

Tamén se poderá facer chegar o voto individual a través do correo electrónico: primarias@socialistasdegalicia.com, achegando a imaxe do aval e do DNI. Non será válido ningún aval recibido fora do prazo establecido no calendario

As persoas que figuren no censo oficial do Partido poderán avalar a unha soa precandidatura. Se unha persoa outorga o aval a varias precandidaturas, os avais serán considerados nulos.

Se unha persoa avala varias veces a unha mesma precandidatura, os seus avais contarán como un único aval válido.

Serán considerados nulos os avais:

- Nos que o nome da precandidatura estea manuscrito.
- Remitidos por correo electrónico que non se acompañen do modelo oficial.
- Colectivos que non teñan cumprimentados os datos da persoa responsable da folla de avais.
- Individuais que non leven adxunta a copia do DNI do avalista.

Consideraranse válidos aqueles avais que formando parte dunha folla colectiva reúnan os requisitos establecidos, aínda que nesa mesma folla un ou varios avais sexan considerados nulos.

Finalizado o prazo de presentación de avais e de candidaturas, a Comisión Nacional de Garantías Electorais procederá á verificación e recuento dos avais das candidaturas presentadas, de acordo co establecido no artigo 30.3 do Regulamento Federal de Primarias.

Para se proclamado/a candidato/a ó proceso de primarias é necesario contar co aval do 10% da militancia do PSdeG-PSOE.

Unha vez finalizado o proceso, a Comisión Nacional de Garantías Electorais estenderá un acta na que se recolla:

- a) As precandidaturas comunicadas.
- b) As precandidaturas que formalizan a presentación da súa candidatura no prazo establecido.
- c) As precandidaturas que obtén o número mínimo de avais, expresando exclusivamente se se obtén a porcentaxe esixida.
- d) As precandidaturas que non obteñen o número mínimo de avais.
- e) Os avais anulados a cada precandidatura por dobre rexistro.
- f) Os avais impugnados e o acordo adoptado ó respecto.

Esta acta será asinada polos membros da Comisión Nacional de Garantías Electorais e os representantes das precandidaturas que concorresen ó procedemento de verificación e recuento de avais.

A Comisión Nacional de Garantías Electorais custodiará os rexistros dos avais presentados, os avais que foran obxecto de impugnación, os avais que foran anulados e os avais que non foran rexistrados. O resto de avais rexistrados e contabilizados sen incidencia algunha, serán destruídos ó concluír o acto de verificación e recuento.



Unha vez finalizado o procedemento e proclamadas as candidaturas, procederase á destrución da totalidade dos avais.

6. Candidaturas

Finalizada a verificación e reconto de avais, a Comisión Nacional de Garantías Electorais proclamará provisionalmente, nun prazo de 24 horas, as candidaturas que cumprisen os requisitos establecidos.

Contra o acordo de proclamación provisional de candidatos e candidatas ás eleccións primarias caberá a interposición de recurso diante da Comisión Nacional de Garantías Electorais en primeira instancia e, contra a súa resolución, ante a Comisión Federal de Ética e Garantías.

En ningún caso serán recorribles feitos, acordos ou decisións que non sexan determinantes na proclamación ou non dos precandidatos ou precandidatas.

Transcorridos todos os prazos e resoltos os eventuais recursos que puideran presentarse, a Comisión Nacional de Garantías Electorais procederá á proclamación definitiva de candidaturas.

Só se abrirá o proceso electoral interno de primarias no suposto de existir máis dun candidato ou candidata. En caso de resultar proclamada unha única candidatura, a Comisión Nacional de Garantías Electorais procederá á súa proclamación como candidato/a á Presidencia da Xunta de Galicia.

Ós/ás candidatos/as proclamados/as facilitaráselles, en igualdade de condicións, os recursos que pon á súa disposición a organización do Partido.

A Comisión Nacional de Garantías Electorais, a proposta do Comité Organizador Nacional, aplicando criterios de igualdade e responsabilidade, establecerá os recursos que se poñen a disposición dos candidatos/as na campaña de información. En calquera caso, garantiranse os seguintes:

- a) Un espazo físico cedido polo PSdeG-PSOE que sirva como oficina ou despacho da candidatura.
- b) Un espazo na páxina web do PSdeG-PSOE.
- c) Comunicacions por correo electrónico a todos/as os/as electores/as que conforman o censo electoral e ás agrupacións do PSdeG-PSOE, dentro dos límites que estableza a propia Comisión Nacional de Garantías Electorais.
- d) Información sobre as convocatorias dos actos das candidaturas dentro dos límites e cos criterios que estableza a Comisión Nacional de Garantías Electorais.
- e) A coordinación coa Oficina de Prensa do PSdeG-PSOE

Sen prexuízo do anterior, baixo a supervisión da Comisión Nacional de Garantías Electorais, as candidaturas poderán pactar entre si e co Comité Organizador Nacional a posta a súa disposición doutros medios ou a realización de determinadas actividades.

Unha vez proclamadas, as candidaturas designarán dous representantes diante da Comisión Nacional de Garantías Electorais.

7. Campaña de información

A campaña de información durará do 20 ó 27 de maio de 2016, ambos incluídos.

Durante todo o proceso de primarias e, especialmente, no período de campaña de información, os candidatos e as candidatas terán que manter, en todo momento, un comportamento axeitado cos principios que inspiran á nosa organización.

Todos os actos e accións que as candidaturas desenrolen dentro da campaña de información, deberán respectar e garantir uns criterios básicos de unidade de imaxe corporativa do Partido. Estes criterios serán establecidos polo Comité Organizador Nacional, baixo a supervisión da Comisión Nacional de Garantías Electorais.

A Comisión Nacional de Garantías Electorais promoverá e o Comité Organizador Nacional facilitará a celebración de debates internos e públicos entre as distintas candidaturas concorrentes ó proceso. Os acordos relativos á celebración dos debates electorais entre candidaturas serán supervisados pola Comisión Nacional de Garantías Electorais, que deberá velar pola igualdade de concorrencia ós mesmos.

As candidaturas realizarán as súas campañas de información atendendo ós principios de austeridade, responsabilidade e transparencia, estando, en todo momento, sometidas ó control da Comisión Nacional de Garantías Electorais.

En ningún caso se poderán realizar campañas de imaxe ou publicidade pagadas ou sometidas a algún tipo de contraprestación.

As candidaturas están obrigadas a respectar a normativa interna do Partido e, en especial, a que regula o proceso de primarias. As Comisións de Garantías Electorais velarán polo seu cumprimento, podendo sancionar os incumprimentos, incluso coa inhabilitación da candidatura en cuestión.

8. Centros de votación e Mesas Electorais

Os centros de votación serán as sedes das agrupacións municipais que contén cun mínimo de 10 militantes, sen prexuízo de que podan habilitarse como tales outras sedes do Partido ou locais.

O Comité Organizador Nacional establecerá os parámetros e criterios a seguir na determinación dos centros de votación e a natureza dos mesmos.

Cando un centro de votación supere os 1.000 electores, procederase a dividir proporcionalmente o censo en tantas mesas como sexa necesario, efectuando a división por orden alfabético de apelidos.

No caso de que o censo dun centro de votación supere as 400 persoas inscritas, a Comisión Executiva Municipal correspondente poderá proceder a establecer 2 Mesas Electorais.

Unha vez publicados os centros de votación definitivos, os afiliados directos poderán elixir o centro de votación no que queren exercer o seu dereito a voto.

Co fin de favorecer a máxima participación, os e as militantes do PSdeG-PSOE poderán solicitar, ata o 16 de maio, o voto desprazado, para poder exercer o seu dereito a voto nun centro de votación distinto do que lle corresponde por lugar de militancia, que deberá figurar entre os ofrecidos polo Comité Organizador Nacional.



As Mesas Electorais estarán formadas por unha presidencia e dúas vogalías designadas mediante sorteo entre os/as militantes e afiliados directos, realizado con criterios de eficiencia e proximidade. Tamén se elixirán dous suplentes para cada un dos postos da mesa.

As súas funcións son as seguintes:

- a) Asegurar que as condicións nas que se celebra a votación cumpren cos requisitos establecidos.
- b) Elaborar as actas da xornada de votación, na que deben figurar calquera incidencia que se producira ó longo da mesma.
- c) Realizar o escrutinio unha vez concluída a votación, levantando acta do mesmo, na que debe figurar: o censo electoral, os votos emitidos, os votos nulos, os votos en branco, os válidos a candidaturas e os obtidos por cada unha das candidaturas.

9. Interventores/as e apoderados/as

As candidaturas, unha vez proclamadas, poderán acreditar diante da Comisión Nacional de Garantías Electorais, ata 5 días antes da xornada de votación, un máximo de dous militantes con dereito a sufraxio activo como interventores en cada Mesa Electoral, e un apoderado por cada centro de votación. Naqueles centros de votación onde haxa máis dunha Mesa Electoral, adicionalmente, poderá actuar un/ha apoderado/a de cada candidatura.

Os/as interventores/as exercerán as súas funcións, participando con voz, pero sen voto, na Mesa Electoral para a que foran designados/as, asinando as actas da mesma. Os/as interventores/as designados/as poderán suplirse libremente entres si, sen que poidan actuar ambos ó mesmo tempo diante da Mesa Electoral.

Os/as apoderados/as, en caso de non haber ningún/ha interventor/a presente da súa candidatura, poderán exercer as súas funcións participando con voz, pero sen voto, en calquera Mesa Electoral. Só poderá actuar un/ha apoderado/a de cada candidatura simultaneamente en cada Mesa Electoral.

Os/as interventores/as exercen o seu dereito a voto na Mesa Electoral na que estean acreditados/as.

Os/as apoderados/as votarán na Mesa Electoral na que estean censados/as.

Para o exercicio da súa actividade, os/as interventores/as e os/as apoderados/as deberán levar visible un distintivo no que figure a súa condición así como a candidatura á que representan.

Os/as interventores/as, apoderados/as, en aplicación da normativa que resulta de aplicación sobre a protección de datos de carácter persoal, en ningún caso, poderán ter copia do censo da Mesa Electoral.

10. Xornada Electoral e votación

A votación realizarase o 28 de maio de 2016, nunha soa xornada, en horario de 10 a 20 horas.

Naqueles centros de votación de menos de 100 electores poderanse establecer xornadas reducidas de votación de carácter continuo e de, polo menos, 4 horas de duración.

O Comité Organizador correspondente comunicará previamente as horas de votación a cada elector/a, xunto á información do lugar no que se exerce o seu dereito a voto.

O acto de votación será persoal, secreto e presencial nos locais electorais establecidos a tal efecto.

O/a delegado/a do Comité Organizador Nacional deberá velar porque as condicións do centro de votación permitan o exercicio do voto con plenas garantías. A tal efecto, habilitarase unha cabina ou espazo apartado con papeletas de todas as candidaturas, que permitan o exercicio secreto do voto.

Teñen dereito a voto todas as persoas inscritas no censo electoral facilitado polo Departamento Federal de Atención ó Militante (DFAC) ou que aporten a correspondente certificación censual emitida polo mesmo.

Para exercer o dereito a voto será imprescindible identificarse mediante DNI, carné de conducir ou pasaporte.

A Comisión Executiva Municipal deberá nomear un representante delegado da mesma, para exercer as funcións de organización e coordinación que lle corresponden no centro de votación e para comunicar os datos que se lle poidan requirir.

11. Escrutinio

Unha vez concluída a xornada de votación, procederase ó recuento público dos votos, do que se responsabilizará a Mesa Electoral.

Finalizado o recuento e asinada a acta, facilitarase a información ós órganos correspondentes, tal como se estableza nas instrucións facilitadas ós membros da Mesa Electoral, sendo remitida a acta correspondente á Comisión Nacional de Garantías Electorais.

O Comité Organizador Nacional, baixo a supervisión da Comisión Nacional de Garantías Electorais establecerá un protocolo de comunicación de resultados de obrigado cumprimento, co fin de facilitar no menor tempo posible os datos provisionais.

12. Proclamación de resultados

A Comisión Nacional de Garantías Electorais proclamará provisionalmente os resultados o día 29 de maio de 2016.

A persoa que obtivese o maior número de votos válidos quedará proclamada, provisionalmente, candidato ou candidata do PSdeG-PSOE á Presidencia da Xunta de Galicia.

Contra o acordo de proclamación provisional caberá a interposición de recurso diante da Comisión Nacional de Garantías Electorais dentro das 24 horas seguintes á notificación de dito acordo. Esta deberá resolver e notificar a súa resolución nun prazo máximo de 24 horas.

Contra esta resolución caberá interpoñer, no prazo de 24 horas dende a notificación da mesma, recurso diante da Comisión Federal de Ética e Garantías, que resolverá nas 24 horas seguintes á presentación do recurso. Esta resolución terá carácter definitivo.

A Comisión Nacional de Garantías Electorais dará traslado da proclamación do candidato ou candidata á Presidencia da Xunta de Galicia á Comisión Xestora do PSdeG-PSOE, e á Comisión Federal de Garantías Electorais para a ratificación definitiva da candidatura polo Comité Federal.



13. Calendario

Proceso Primarias	Prazos	Datas
Acordo Comisión Xestora		29 de abril
Comité Federal: convocatoria		30 de abril
Apertura prazo presentación precandidaturas	3 días	30 de abril - 2 de maio
Anuncio precandidaturas presentadas	1 día	3 de maio
Presentación avais	11 días	Do 3 ó 13 de maio
Verificación avais e proclamación provisional	1 día	14 de maio
Prazos Recursos	1-4 días	Do 15 ó 18 de maio
Proclamación definitiva	1 día	19 de maio
Campaña de información	8 días	Do 20 ó 27 de maio
Xornada de Votación	1 día	28 de maio
Proclamación candidato/a	1 día	29 de maio
Prazos Recursos	1-4 días	Do 30 de maio ó 2 de xuño
Proclamación definitiva de resultados	1 día	3 de xuño

14. Normas que resultan de Aplicación

Para o desenrolo deste proceso estarase ó previsto no Regulamento Federal de Primarias e nas disposicións dos Estatutos e Regulamentos do Partido que resulten de aplicación.

Autorízase ó Comité Organizador Nacional para que adopte as normas e instrucións complementarias que resulten necesarias para a aplicación e desenrolo da presente convocatoria.